



A ASOCIACIÓN POLA DEFENSA DA RÍA CHAMA Á CIDADANÍA A PARTICIPAR NA  
MANIFESTACIÓN DO PRÓXIMO VENRES 21 DE OUTUBRO

A Asociación Pola Defensa da Ría, co apoio de partidos políticos, asociacións de veciños, asociacións culturais, confrarías de pescadores e grupos ecoloxistas, ten convocado para o próximo venres unha manifestación que sairá ás 20:30 da Praza da Ferrería.

Con esta manifestación, a cidadanía expresará á Xunta de Galicia o seu rexeitamento á posibilidade de que sexan concedidas as Autorizacións Ambientais Integradas a ENCE e ELNOSA, co que se favorecería a permanencia do complexo polo tempo polo que se concede.

A opinión maioritaria da cidadanía da comarca, contraria á permanencia de ENCE e ELNOSA, e o desexo de que o complexo industrial que leva xa 50 anos provocando danos á saúde e ao medio ambiente e recursos naturais do que todos somos conscientes, conta ademais con argumentos xurídicos que foron contrastados con expertos en dereito e expostos nas alegacións que presentou, no período de exposición pública, a APDR.

Existen deficiencias na solicitude de Autorización Ambiental Integrada a ambas empresas, deficiencias que afectan á metodoloxía de control e que favorecen a emisión de contaminantes máis alá do permitido pola lexislación; pero sobre todo, existen dous aspectos que obrigan á denegación da autorización. O primeiro deles é a ausencia do preceptivo informe municipal; amparándose na supramunicipalidade dun proxecto que tiña que estar culminado fai anos e que nunca foi iniciado, caducando así calquera declaración de supramunicipalidade para o mesmo, a empresa négase a solicitar o informe municipal ao que obriga a lei. Por outra banda, á hora de establecer límites para a carga contaminante dos vertidos, as autorizacións, non respectan os establecidos na Directiva de Augas Residuais Urbanas nin na Lei de Augas Residuais que resultou da transposición da Directiva á lexislación do estado; a solicitude que no seu caso se concedería, consumaría este incumprimento de lexislación española e comunitaria.

Para a APDR, non cabe dúbida de que a renovación da AAI a ENCE e ELNOSA so se pode conceder si a Xunta de Galicia está decidida, en contra do que establecen as normas, a manter as factorías na Ría, incumprindo así o seu compromiso de facelo saír da Ría e as súas propias Directrices de Ordenación do Territorio e Plan de Ordenación do Litoral que dan por feita esta retirada de cara á mellora ambiental da zona.

A Asociación Pola Defensa da Ría quere chamar a todos os cidadáns de Pontevedra e das comarcas da Ría a participar na manifestación que se celebrará o próximo venres coa consciencia de que so mobilizándose conseguirase o obxectivo de ver a ENCE e máis a ELNOSA fora da Ría de Pontevedra.

Pontevedra, 18 de outubro de 2011

Pola APDR, Benito Andrade